

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 8 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En

consecuencia, e para darlle cumprimento a esta obriga,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo no primeiro cuadrimestre de 2009 que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2009.

Antonio José Boné Pina  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

### ANEXO

#### Convenios de colaboración subscritos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo no primeiro cuadrimestre de 2009

Convenio	Importe achegado polo IGVS	Data sinatura
Convenio entre <i>Xestur Pontevedra, S.A.</i> , o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Silleda	Sen importe	6-3-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, o Concello de Lourenzá e o Instituto Galego de Vivenda e Solo para a execución da obra de abastecemento de auga ao polígono industrial de Vilanova de Lourenzá (Lugo), clave OH.227.436	131.024,06 €	23-3-2009
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o <i>Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.</i> , o Concello de San Cibrao das Viñas e <i>Xestión Urbánstica de Ourense, S.A.</i>	Sen importe	25-3-2009

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Resolución do 25 de xuño de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, escala técnica de finanzas, nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 196, do 9 de outubro), pola que se lle dá publicidade a determinados acordos do tribunal.*

En sesión que tivo lugar o día 25 de xuño de 2009, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, escala técnica de finanzas, convocado pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 10 de marzo de 2008 (DOG nº 56, do 24 de marzo de 2008), adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Desestimar as alegacións presentadas polos/as aspirantes en canto ás puntuacións do terceiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o acceso ao corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, escala técnica de finanzas, feitas públicas por Resolución do 11 de maio de 2009 (DOG número 95, do 18 de maio).

Segundo.-Declarar a todos/as os/as aspirantes exentos da realización do cuarto exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.6 da convocatoria.

Terceiro.-Facer pública, de acordo coa base V.2, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de

puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo coa dita base, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentaren a documentación prevista nas súas letras a), b), c) e d).

Cuarto.-Eleva a devandita relación á titular da Dirección Xeral de Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas dos aspirantes que figuren nela.

Contra este acordo poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, conforme o previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Manuel María Vázquez González  
Presidente do tribunal

### ANEXO

#### Relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, escala técnica de finanzas

NÚM.	NIF	APELIDOS E NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	PUNT. FINAL
1	32780999L	RÍO MOSQUERA, LUIS	16,73	23,41	33,29	73,43
2	76821546M	PÉREZ MARTÍNEZ, JOAQUÍN LUIS	11,53	34,25	26,91	72,69
3	35569367M	NOVAS PEREIRA, ÓSCAR	10,50	22,25	25,10	57,85
4	34982559L	VÁZQUEZ FUENTES, MARÍA LUISA	11,53	23,93	20,90	56,36

NÚM.	NIF	APELIDOS E NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	PUNT. FINAL
5	33347967Z	LÓPEZ GONZÁLEZ, MÓNICA	13,46	19,56	23,07	56,09
6	44811927S	AMIGO BARCIA, MARÍA FERNANDA	10,00	18,80	25,08	53,88
7	35567354Q	PÉREZ ESTÉVEZ, ELADIO	14,25	19,16	20,42	53,83
8	32828433G	VEIGA IGLESIAS, ANA	10,00	19,65	21,98	51,63

*Resolución do 2 de xullo de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).*

En sesión do tribunal, nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de setembro de 2008 (DOG nº 192, do 3 de outubro de 2008), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros de montes, que tivo lugar o día 2 de xullo de 2009, adoptáronse, de conformidade co establecido na orde de convocatoria, os seguintes acordos:

Primeiro.-Vista a reclamación presentada, faise pública como anexo a esta resolución a baremación definitiva da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida polos/as aspirantes, tanto de acceso libre como de promoción interna, en cada epígrafe, consonte co establecido na base II.3.5 da orde de convocatoria.

Segundo.-De acordo co establecido na citada base da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a Consellería de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2009.

José Antonio Portos Mouriño  
Presidente do tribunal

**ANEXO**

**Puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso do proceso selectivo de acceso ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes**  
Promoción interna

Apelidos e nome	DNI	Base						Total
		II.3.1.1	II.3.1.2	II.3.1.3	II.3.1.4	II.3.1.5	II.3.1.6	
Peña López, Óscar	76722249-E	2	2,1	0,8		2	6,9	6,9
Quiñones Vázquez, Pablo	44083156-E	2	2,3	0,8	0,4	0,97	6,47	6,47

**Acceso libre**

Apelidos e nome	DNI	Base			Total
		II.3.2.2	II.3.2.3	II.3.2.5	
Alberte Rivera, María José	44447917-A				0
Crecente Campo, Santiago	76577285-G				0
De Miguel Espejo, Ángela	30794817-W	11,6		11,6	11,6
García Acuña, Pablo	76996142-P				0
González Andrés, Carlos	03454384-Z		23,8	16	16
Moure Acuña, María Lina	33330833-S	7,8		7,8	7,8
Perales Garat, Gonzalo	32669435-M	8		8	8
Piñeiro Tubio, Xosé Alberte	44815060-C				0
Quiñones Estévez, María Carmen	36108022-T	18,4		16	16
Rodríguez Gay, Rubén	33349515-K				0

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 30 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo no Hospital da Barbanza.*

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

**DISPÓN:**

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose declarar deserto o cargo directivo ofertado.